



Violencia escolar (respeto e tolerancia)

1

Obxectivos específicos

- ♦ Analizar o fenómeno da violencia escolar e o maltrato entre compañeiros e compañeiras, no contorno máis próximo da propia aula e o centro escolar
- ♦ Potenciar o respecto por combater o maltrato entre compañeiros/as
- ♦ Estimular as actitudes e os valores de tolerancia e solidariedade, para sentar as bases dunha auténtica convivencia en paz

Introdución

A indisciplina fai estragos nas aulas

Os profesores de institutos públicos ven unha seria degradación da convivencia nos centros

PABLO X. DE SANDOVAL

O mércores 24 de outubro, nun instituto de Ensino Secundario dunha pequena localidade dos arredores de Murcia, á hora do recreo El Limones, El Terrorista e El Oreja, tres adolescentes alleos ao centro, saltaron o enreixado da rúa e entraron no recinto para pegarlle unha malleira a un alumno. A agresión non se consumou pola intervención dos profesores, pero organizou un tumulto no patio que aproveitou un alumno, de 14 anos, para subir ás aulas do primeiro piso a verse as caras con outro que pegara o seu primo, segundo dixo. Acompañáballe toda a súa cuadrilla de rapaces de metro corenta de estatura. Non chegaron a pegarse porque interveu fisicamente un profesor, que nin sequera estaba alí por iso, senón porque un grupo de 15 alumnos de 3º de ESO estaba apostado aos lados do corredor acosando as rapazas que intentaban acceder ás aulas, aplaudidos por un centenar de espectadores. Foi unha rapaza de 16 a que exclamou: 'Que me toque o que teña ovos'. O xogo, habitual nos recreos, deuse por rematado.

Ao final da mañá, de todas as mañás, na sala de profesores do centro xa non se comenta a insubordinación de parte dos alumnos, nin o atraso no temario, senón o parte de sucesos do día. 'Intenten comprender o que se sente cando un alumno [...] respóndeches que el fai o que lle dá a gana, que o deixes en paz e que te metas nos teus asuntos,', comentan dende o claustro de profesores. Segundo unha enquisa do instituto de Avaliación e Asesoramento Educativo (Idea) o 47% dos profesores coñece algún compañeiro que se sente amedrentado polos alumnos. Cada estudo que se realiza entre docentes demostra que este instituto, non é nin de lonxe unha excepción entre os institutos públicos españois.



Violencia escolar (respeto e tolerancia) / 2

Un profesor de Matemáticas do centro, dende hai 19 anos, enumera de memoria unha ducia de sucesos recentes, como o dun rapaz que lle tirou os lentes a un profesor dun manotazo, ou como tres alumnos entraron no medio da súa clase para 'axustar as contas' aos seus compañeiros, que os acusaban de roubar nas súas mochilas. "O que se está empezando a chamar *obxectores da educación* ou *condutas disruptivas* en linguaxe académica é unha situación de caos', sen máis',', recalca este profesor. Segundo o estudio citado, realizado entre 2.250 docentes de toda España, o 66% deles coincidían cos profesores do instituto murciano en que a indisciplina é a principal causa dos problemas educativos. Fronte a isto, o 74% considera necesario reforzar as medidas de disciplina nos centros.

(...) Ademais, os factores socioeconómicos non serven para explicar a violencia ou o desinterese. Á porta deste instituto murciano hai aparcadas dúas ducias de motos, "que lles compren os seus pais". Todas custaron entre 160.000 e 300.000 pesetas, segundo os propios alumnos. Os rapaces teñen ordenador, moto e videoconsola. É máis, os rapaces máis conflictivos son de familia ben, son os máis consentidos. Quizais os pais non se ocupan deles e o que fan é compensalo dándolles todo o que piden. Desa forma crecen nun sistema de contravalores, de vida doada e diñeiro rápido, que se enfrenta aos valores que ti intentas ensinar. No caso dos inmigrantes, por exemplo, aínda que algúns sexan completamente analfabetos, adoitan ser dos menos conflictivos, porque na súa maioría veñen de culturas nas que aínda existe un respecto ao profesor como referencia social'.

O PAIS, 28 de outubro de 2001



Violencia escolar (respeto e tolerancia) / 3

Actividades ESO

Un hábito é un xeito de actuar que se adquiriu por repetición de actos iguais ou de xeito instintivo. Podemos distinguir entre hábitos de comportamento cívico e de relación. Cando falamos de hábitos de comportamento cívico referímonos a aquelas accións que mostran un respecto cara ao ámbito e aos demais, neste apartado incluíriamos dende os hábitos de hixiene ata o respecto ás persoas adultas, pasando pola puntualidade e o respecto ao ámbito físico. Entre os hábitos de relación incluíriamos todas aquelas accións que facilitan a nosa relación co resto (compañeiros e compañeiras, amizades, profesorado, familiares, ...)

1. Aquí tes unha lista de hábitos de comportamento e de relación. En grupos de catro persoas escollan os cinco que consideren máis importantes e comenten entre vós/ eles e/ou elas as razóns.
 - escoitar ás túas amizades cando teñen un problema.
 - escoitar ás túas amizades cando falan.
 - escoitar ao profesorado cando falan.
 - mirar aos ollos cando falamos ou cando nos falan.
 - non interromper cando falan ás demais persoas.
 - non empurrar cando esperamos en grupo.
 - non se colar nas filas.
 - respectar as axendas das demais persoas.
 - non furgar nas mochilas de outras persoas.
 - devolver o material como nolo deixaron.
 - dar as grazas.
 - pedir as cousas utilizando o "por favor".
 - ser puntual.
 - manter limpo e ordenado o mobiliario da clase.
 - non tirar papel ao chan.
2. Enumera accións ou hábitos que dificulten o correcto funcionamento dunha clase. Enumera accións ou hábitos que dificulten as relacións entre compañeiros e compañeiras, tanto na clase coma en horas de patio.
3. Dentro dos hábitos de relación existen unha serie de accións que poden evitar conflitos, por exemplo: pedir as cousas usando o por favor; dar as grazas; desculparse; dar unha escusa convincente; respectar regras de urbanidade. Reflexiona se habitualmente tes en conta estes hábitos de relación, valora se actúas diferente, respecto a estes hábitos dentro e fóra da escola.
Cita unha situación, vivida na escola, na que se poida aplicar cada un dos hábitos de relación citados.



Violencia escolar (respecto e tolerancia) / 4

4. Recorda unha situación de conflito vivida na escola. Nela, púidose dialogar, negociar, comprender? Houbo unha persoa mediadora? Destaca o valor do diálogo na resolución do conflito.
 5. Define que entendes por abuso entre compañeiros e compañeiras e por maltrato. (Debería quedar claro que o maltrato non é exclusivamente unha agresión física a alguén.)
 6. Tendo en conta as actividades feitas, elaborar, en grupos, un decálogo de boa convivencia no centro escolar. Logo da posta en común realicen un mural coas ideas que xurdiron para mellorar a convivencia.
7. Ler o seguinte caso:

Por que a min?: O caso de José Ángel:

"Cheguei ao colexio, eran as oito da mañá. Como todos os días, ao entrar en clase, Antonio me colleu a mochila, abriuna, sacou os libros e tirounos polo chan. Toda a clase ría e só o meu grupo de amigos (tres que teño) quedaba perplexo polo que sempre me acontecía. Non se atrevían a axudarme, un día intentárono e foron saqueadas as súas mochilas. Despois disto, o meu papel era sempre recoller os libros e calar. Este día foi distinto, xa non podía máis, non sabía que puidesen chegar a este extremo. Como de costume abríronme a miña mochila, pero esta vez os meus libros remataron no water; despois empezaron a pegarme, ata o punto de que tiven que ir ao hospital cheo de moratóns. Neses momentos, pola miña mente só pasaba unha pregunta por que a min "? ".

José Ángel (10 anos).

- a. Intenta poñerte no lugar de José Ángel e explica que sentirías se che pasa algo parecido.
- b. Cres que a reacción de José Ángel é adecuada ou debería reaccionar doutro xeito? Que podería facer por resolver a súa situación?
- c. Explica cales son os "motivos" que poden ter algún alumnado para agredir a outro.
- d. Cres que existen maneiras diferentes á utilización da violencia para resolver os problemas? Cales?



Violencia escolar (respeto e tolerancia) / 5

8. Ler a seguinte lista de sentimentos **que pode experimentar unha persoa:**

- *Asustada, atemorizada.*
- *Resentida, molesta.*
- *Envexosa, celosa.*
- *Desprazada.*
- *Molesta.*
- *Sorprendida, atónita.*
- *Feliz, radiante.*
- *Humillada, ofendida.*
- *Frustrada.*
- *Nerviosa, intranquila.*
- *Enfadada, irritada.*
- *Triste, desanimada.*
- *Indiferente, aburrída.*
- *Furiosa, toleada.*
- *Desgustada, crítica.*
- *Preocupada.*
- *Interesada, excitada.*

- a. Que sentimentos cres que son os que ten un compañeiro ou compañeira cando é agredido?
- b. Que sentimentos pode ter quen agride?
- c. Elabora unha lista de cousas que non che gustan que che fagan ou digan na escola.
- d. Da lista anterior, cres que a algún ou algunha compañeira lle gustaría que llo fixesen?

9. Elabora o guión para dramatizar unha escena na que se poida ver calquera tipo de maltrato na escola: illamento social, roubo, burlas, alcumes.



Violencia escolar (respecto e tolerancia) / 6

Actividades BACHARELATO

Ler o texto "A indisciplina fai estragos nas aulas".

1. Busquen información sobre os seguintes aspectos (recorden que unha fonte de información valiosa adoitan ser as persoas máis grandes ca vós):
- Influencia do sistema educativo sobre esta situación (obrigatoriedade de escolarización ata os 16 anos).
 - A escola como referente da sociedade (ontem e hoxe).
 - Respecto ao profesorado como referencia social.
 - Sistema actual de valores fronte os de hai uns anos.

Con estes aspectos claros inicien un debate cos compañeiros e compañeiras de clase sobre o tema da indisciplina.

Apunten as conclusións.

2. Le o seguinte artigo:

Os alumnos non piden axuda aos seus profesores

M.A. Madrid

O acoso escolar está á orde do día nos colexios. Case o 3% dos alumnos padece problemas graves desta índole e as idades de máis risco de sufrir *bullying* (ser vítima de violencia física ou psicolóxica por parte de compañeiros de forma permanente) son dos 13 aos 15 anos. Así se afirma no estudo do Instituto da Xuventude, titulado *Prevención e loita contra a exclusión desde a adolescencia. A violencia entre iguais na escola e no ocio*.

Pero as vítimas permanecen caladas. Un de cada tres estudantes diso afirma que "nunca pediría axuda aos seus profesores se sofre situacións de violencia"; o 37% considera que se non devolve os golpes que lle dan "é un covarde", e o 39% cre que "se un amigo seu agride a outro debe poñerse da súa parte". Ademais, o 16% dos enquisados reconece que participa en exclusións (como insultar ou illar un compañeiro) e en agresións psicolóxicas.

A ridiculización con alcumes (8%), illamento (7,2%) e insultos (7%) son as máis frecuentes. A porcentaxe de alumnos que declara que os pegan a miúdo é do 1,8%, e os que din recibir ameazas, o 2%.

Os autores do informe formularon a seguinte pregunta: "Consideras que unha persoa debe deixar a súa parella en caso de que esta o agrida ? ". O 94,5% respondeu que si, pero o 46% dixo que non se esa parella estivese casada e tivese fillos. Nestas respostas, os alumnos nos que se detectara a



Violencia escolar (respecto e tolerancia) / 7

tendencia a maltratar os seus compañeiros non entendían por que a vítima tiña que deixar o agresor.

Segundo o estudio, os agresores adoitan ter unha relación co profesorado e a aprendizaxe peor que o resto de compañeiros. Entre os agresores hai tres tipos de razoamento: de vinganza, de percepción das relacións en termos de dominio e submisión e de identificación do covarde e do chivato nunha situación de acoso escolar.

Reflexionar e contestar as seguintes preguntas:

- Que cres que cambiou na escola para que se dean estes casos de intolerancia e de violencia?
- Que cres que cambiou entre o profesorado para que agora non poidan controlar estas situacións?
- Que cres que cambiou nas novas xeracións de alumnas e alumnos para que se dean situacións de indisciplina como as descritas no artigo?
- Que é a mediación? Como se leva a cabo?

3. Comentar o seguinte fragmento do artigo "A indisciplina fai estragos nas aulas".

"... Quizais os pais non se ocupan deles e o que fan é compensalos dándolles todo o que piden. Desa forma crecen nun sistema de contravalores, de vida doada e diñeiro rápido, que se enfrenta a valóralos que ti intentas ensinar".

4. Elaborar unha lista de accións que o centro educativo, os e as docentes e o alumnado poderían facer para diminuír as situacións de conflito na aula.

5. Recoller as vosas conclusións redactando un artigo xornalístico de opinión.